



Xoán Ramón Alvite

Colaborador de *La Voz de Galicia*, especialista en gandería

► DE POUCO SERVEN AS CONSULTAS PÚBLICAS, OS TRÁMITES DE AUDIENCIA, AS ALEGACIÓNS OU OS RECURSOS POSTERIORES SE NON HAI VONTADE DE ESCOITAR TODAS AS PARTES

Lexislar de costas ao sector

Supoño que non se sorprendarán se lles digo que o sector gandeiro ten un serio problema coa Administración. CON TODA, así en maiúscula e en xeral, para non ferir a sensibilidade ideolóxica de ninguén e tamén, dito sexa de paso, porque creo que este asunto non depende da cor política do gobernante de quenda. Ao contrario, véxoo máis como unha consecuencia da falta de vontade e da ausencia dun compromiso inequívoco co campo, circunstancia que, paradoxalmente, non se dá noutros países europeos, líderes e referentes absolutos no ámbito agrogandeiro.

No noso, por exemplo, levan anos lexislando de costas ao sector e parecen dispostos a seguir facéndoo. De pouco serven as consultas públicas, os trámites de audiencia as alegacións ou os recursos posteriores se non hai vontade de escoitar todas as partes, sobre todo as afectadas polas normas que se pretenden poñer en marcha. Unha simple análise do ocorrido durante os últimos anos deixa ás claras que a tan loada “participación pública en proxectos normativos” non é máis que unha mera formalidade lexislativa.

O último exemplo disto é o decreto polo que se establece nas normas básicas de ordenación das granxas bovinas, un paquete normativo do que, cando era un simple borrador de traballo, xa temos falado aquí e que, varios meses e unha consulta pública despois, vai camiño de converterse na principal lei que regulará o funcionamento das ganderías, tanto das de nova construción como das xa existentes que deberán, nun prazo xa

estipulado de tempo, adaptarse ás referidas disposicións ministeriais.

Unha vez máis, preténdese regular o funcionamento do sector pero sen ter en conta ao propio sector e, o que aínda resulta máis grave, sen aplicar o sentido común que se lles presupón aos lexisladores. De feito, da proposta inicial presentada polo Ministerio de Agricultura só se retirou o punto –imposible de cumprir en Galicia, onde se asentan case a metade das granxas de todo o Estado– no que se establecía unha distancia mínima de 500 metros entre establos e, á súa vez, entre estes e os núcleos de poboación. E isto con matizacións, porque se segue a manter, contra o criterio das organizacións profesionais agrarias, unha separación de polo menos 100 metros con outras explotacións para os establos do grupo 2 –de 21 a 180 UGM– e de 300 metros para as do grupo 3, que son as que teñen entre 181 e 850 UGM.

O demais foron meros retoques estilísticos ou maiores concrecións nalgúns puntos que se supuñan ambiguos na súa redacción inicial e que, por tanto, eran susceptibles de derivar en interpretacións contraditorias. Asunto este último, por certo, do que seguen sen librarse varios aspectos do novo articulado, como é o caso dos relativos á xestión dos xurros ou o papel que desempeñarán os veterinarios de referencia que deben designar as granxas.

Tampouco se tocou, nin se tocará, a clasificación das granxas en función do número de animais. Así é que, cando o decreto entre en vigor, unha gandería de 21 vacas estará sometida,

► O VERDADEIRAMENTE GRAVE DO ASUNTO QUE NOS OCUPA SEGUE A SER O ENORME DESCOÑECEMENTO QUE EXISTE DA REALIDADE DO SECTOR LÁCTEO, TANTO POR PARTE DO CONXUNTO DA POBOACIÓN [...] COMO POLA DOS REPRESENTANTES POLÍTICOS

en liñas xerais, á mesma regulación que outra que teña 180. De verdade, alguén medianamente sensato pode pensar que se lle pode esixir o mesmo a unha explotación con 181 cabezas que a outra que teña 850? As normas poden ser idénticas para unha granxa cunha base territorial ampla que para outra que non dispoña de terras? Aínda lles digo máis, existe o mesmo risco zoonosanitario nunha explotación leiteira que nunha porcina ou avícola? Evidentemente, non. E esa é a cuestión de fondo de todo isto: o incomprendible interese por equiparar normas entre sectores que pouco ou nada teñen que ver entre si.

Carece da máis mínima lóxica facer táboa rasa. Igualarnos a todos cos peores e non atender a criterios tan importantes como a eficiencia, a sustentabilidade ou o coidado ambiental que levan anos caracterizando a produción de leite en España. Porque, que non se engane ninguén, os gandeiros non están contra as normas. Ao contrario, son os máis interesados en que as haxa e en cumprilas, dado que diso depende o seu futuro. Hai anos que Europa llo deixou claro, así que por aí non busquen o problema.

De feito, como ben saben a pouco que estean vinculados co sector, a cantidade de leis, decretos, directivas ou regulamentos –só no referente á identificación e rexistro do gando bovino hai case unha vintena de normas diferentes– que deben cumprir as ganderías lácteas resulta sorprendente. Aínda así, a inmensa maioría cúmprenas ao pé da letra porque, de facelo, depende o poder seguir no mercado.

Con todo, o verdadeiramente grave do asunto que nos ocupa segue a ser o enorme descoñecemento que existe da realidade do sector lácteo, tanto por parte do conxunto da poboación –neste aspecto os gandeiros deben facer autocrítica e traballar para corrixilo– como dos representantes políticos que, por acción ou por omisión, non deixan de meter a pata coas súas actuacións e declaracións.

Sen ir máis lonxe, miren o que desencadeou o ministro Garzón por non ter claro que o que non é extensivo non ten por que ser macrogranxa nin intensivo, que non todo o intensivo é malo, nin que todo o extensivo é rendible ou sustentable. Estou convencido de que o 80 % dos que aqueles días opinaron do tema non visitaron unha granxa láctea na súa vida e, con todo, crían ter a razón absoluta no que dicían.

E nesas estamos. Tendo que preocuparnos, non só dos baixos prezos do leite ou do caros que se puxeron o penso, o gasóleo ou os fertilizantes, senón tamén do que lexisle o goberno de quenda e mesmo do que pense a xente sobre o que fas. Definitivamente, dedicarse a isto está moi mal pagado. ■